A urxencia ven motivada polas últimas noticias acontecidas en relación ao centro galego de Bos Aires e a necesidade de ter unha posición en sede parlamentaria.

Logo de 110 anos de existencia, o Centro Gallego de Bos Aires está nunha situación crítica, acuciado polas débedas que mantén, sobre todo coa administración arxentina, acumuladas desde a súa intervención xudicial en 2012.

Trátase dunha entidade privada coa que, pola súa relevancia histórica, a Xunta de Galicia mantivo una relación moi cercana nas últimas décadas a través tanto de axudas económicas directas como a través da Fundación Galicia Saúde ata o ano 2011.

Ademais do labor fundamental que levou a cabo no ámbito asistencial desde a súa fundación, en 1907, os seus socios lograron reunir un importante patrimonio artístico e cultural.

O Goberno galego contribuíu ata a actualidade na preservación deste patrimonio do CGBA cos medios ao seu alcance, e debe seguir a facelo, respectando as decisións dos socios, únicos propietarios e garantes dos bens que posúe a entidade.

O 18 de decembro de 2017 os seus socios acordaron negociar coa fundación arxentina Favaloro e a española Ribera Salud a posible venda do inmovible, cunha serie de condicións para os compradores:

- Que asuman a totalidade dos pasivos da Mutualidade.
- Que asuman a totalidade do persoal da Mutualidade.



- Que se concrete un comodato gratuito a perpetuidade sobre un sector específico do edificio para albergar alí o patrimonio cultural que seguirá sendo propiedade da Mutualidade.
- Que unha porcentaxe dos ingresos futuros polas cotas dos socios sexan para a xestión e mantemento do patrimonio cultural da Mutualidade.
- Que manteñan unha atención sanitaria de alta calidade, a perpetuidade, para os socios da Mutualidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-Como valora o Goberno galego a situación actual do Centro Galego de Bos Aires?

Santiago de Compostela, 10 e xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2018 14:07:34

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2018 14:07:45

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2018 14:08:09

Antonio Mouriño Villar na data 10/01/2018 14:08:22

Diego Calvo Pouso na data 10/01/2018 14:08:36

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 14:08:54

Paula Prado Del Río na data 10/01/2018 14:09:10

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2018 14:09:20

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas e Medio Ambiente**.

Os fogos artificiais son un espectáculo singular, mais teñen un impacto negativo sobre o medio natural -especialmente a fauna-, e sobre determinados colectivos sociais -como a nenez e as persoas maiores-.

Nestas últimas semanas, no Concello de Vilagarcía aprobouse por unanimidade unha moción para avaliar o emprego de métodos de pirotecnia máis silenciosos e cun menor impacto sobre a cidadanía, a fauna silvestre e os animais de compañía e domésticos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai valorar o Goberno galego a elaboración dun decálogo de boas prácticas para o lanzamento de pirotecnia?
2. Concorde o Goberno galego coa necesidade de avanzar cara actividades públicas cun menor impacto ambiental, social e animal?
3. Vai incluír o Goberno galego algunha norma específica sobre o emprego de pirotecnia no decreto de desenvolvemento da Lei de benestar e protección dos animais de compañía de Galicia, de 2017?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/01/2018 09:43:33

Raúl Fernández Fernández na data 05/01/2018 09:43:38

María Luisa Pierres López na data 05/01/2018 09:43:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Anxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

O 31 de decembro de 2017, a Guardia Civil localiza o corpo de Diana Quer nunha nave industrial abandonada en Rianxo, localización que desvelou o seu presunto raptor e asasino confeso logo de ser detido o 29 de decembro polo intento de secuestro a unha moza o 25 de decembro en Boiro.

Así, os focos mediáticos volveron retomar o caso da madrileña Diana Quer, abríndose de novo un debate social sobre o carácter de vítima de violencia machista e sobre o tratamento da nova por parte dos medios de comunicación, que ao longo dos 16 meses de desaparición da moza ofreceron mostras de sensacionalismo e banalización da violencia contra as mulleres.

O 3 de xaneiro de 2018 o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia fixo un chamado a “tratar o caso de Diana Quer como violencia de xénero (sen prexuízo do que puideren establecer noutro sentido as investigacións policiais e xudiciais sobre os motivo e circunstancias do caso) e reclama respecto á intimidade das menores”, en referencia á difusión de “informacións nas que se ten compartido material das redes sociais ou fornecido datos que poden levar á identificación de dúas menores, unha delas familiar da vítima e outra do presunto homicida.”

Deste xeito, ser tratado o caso Diana Quer como un caso de violencia machista implica, como sinala a Declaración de Compostela, “abordalo como unha violación dos dereitos humanos e un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas, encadrando no seu contexto ideolóxico e social e combatendo a ideoloxía que o provocou: o supremacismo patriarcal polo que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.”

Un dos puntos da “Declaración de Compostela”, sobre o papel dos medios de comunicación no tratamento da violencia de xénero, propón que se debe “evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo -tanto no tratamento do texto como das imaxes-, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos "reality shows", dos programas de sucesos ou das series de ficción.”

O punto 9 da citada Declaración apela a “coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.”

En 2010, o Consello de Administración da CRTVG aprobou un documento coas pautas sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, que propón como criterio xeral que “as informacións relacionadas coa violencia de xénero deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prime ante todo o respecto extremo perante as vítimas.” Entre outros criterios, destácase “a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se



limitan ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulgan os casos de éxito en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos para que sirvan de exemplos a outras vítimas. Sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista”. Ditas recomendacións foron actualizadas en 2015.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na CRTVG:

1. Tratou a CRTVG as informacións do caso Diana Quer como as dun asasinato machista?
2. Seguíronse as “Recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos” nas informacións sobre o caso Diana Quer?
3. Considera a CRTVG que as imaxes persoais de Diana Quer difundidas na TVG evitaron o “sensacionalismo, morbo e dramatismo” en todos os casos?
4. Desbotouse algún testemuño de fontes espontáneas que non achegaban datos relevantes á información?
5. Ten pensado a CRVTG facer unha investigación a fondo sobre o tratamento da violencia machista por parte dos medios públicos galegos dende a aprobación das citadas “Recomendacións” en 2010, para avaliar o resultado?
6. Cantos cursos, ademais do impartido por Pilar López, se teñen impartido na CRTVG sobre o tratamento informativo da violencia de xénero nos últimos anos?



Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Anxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 05/01/2018 10:15:33

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/01/2018 10:15:41

Paula Quinteiro Araújo na data 05/01/2018 10:15:45

Marcos Cal Ogando na data 05/01/2018 10:15:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e David Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

As “casas niño” son un recurso de ensino infantil e conciliación, consistente na atención a grupos reducidos de crianzas nun fogar ou local habilitado, destinado a favorecer a existencia deste tipo de recursos en zonas rurais sen recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos.

As axudas para a apertura de Casas Niño foron reguladas no ano 2016 pola Orde de 6 de maio de 2016, "pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019."

A Casa Niño terá carácter gratuíto para as familias, con atención diúrna de luns a venres, salvo festivos, e cun mes ao ano de vacacións. Salvo estas excepcións, o proxecto debe manterse en funcionamento ininterrompidamente durante o ano, polo que se debe contar cunha persoa substituta para a persoa titular no caso de enfermidade ou situación de emerxencia (artigo 2.3 da Orde).

Na Orde que regula as “casas niño” establécese que "o período mínimo de permanencia da actividade empresarial subvencionada será desde a data de posta en marcha do proxecto piloto ata o 31 de decembro de 2019. Exceptúanse deste requisito aqueles supostos en que causas de forza maior allea á vontade da/o



profesional ou cooperativa que o desenvolve ou a falta de demanda impidan o desenvolvemento da actividade nas condicións establecidas”.

Segundo a Orde, considérase subvencionable tanto as axudas para gastos de investimento como a “axuda polo desenvolvemento do proxecto piloto”, unha “achega económica de 19.600 €/ano en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andaina”, que vén a ser o salario da persoa que se ocupa de manter aberta a casa niño e de ofrecer os servizos de educación e atención á infancia usuaria.

Entre as obrigas das persoas titulares das casas niño está (artigo 19. c: “Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manter as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinadas ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período non inferior ao establecido no artigo 5 desta orde - 31 de decembro de 2019 -”. “O incumprimento deste requisito dará lugar á revogación da subvención, co reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención”.

Ademais, “o incumprimento das obrigas establecidas nas letras b) e d) do artigo 19 desta orde dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe do 2 % da totalidade da axuda percibida.

Unha persoa que en 2016 lle foi concedida axuda para abrir unha Casa Niño, conforme á Orde sinalada, e que efectivamente comezou a prestar o servizo en 2017, remitiu queixa á Valedora do Pobo porque, logo dun accidente ocorrido a un neno na casa niño durante a xornada laboral, comunica á Xunta que non pode seguir prestando o servizo. A Xunta non considera que a súa situación entre dentro dos supostos de “causas de forza maior allea á vontade da/o profesional ou



cooperativa que o desenvolve ou a falta de demanda impidan o desenvolvemento da actividade nas condicións establecidas”, co cal lle esixe a devolución de todos os gastos considerados subvencionables que, segundo a Orde, son tamén as primas de apoio á iniciativa, que cubre o salario da profesional (autónoma) que atende a casa niño.

Isto supón que a persoa debe devolver todos os gastos dos meses nos que estivo aberta a casa niño, prestando un servizo efectivo, o que lle supón 1.633 € ao mes máis intereses. Así, como os gastos que ocasiona ter aberta unha casa niño deixa menos de 1000 € limpos ao mes como salario, o efecto é que, na práctica, unha persoa que mantivo un servizo aberto uns meses, debe devolver máis do que gañou como salario por ter desempregado unha actividade. Esta persoa, ademais, non tivo subvención para reforma e adaptación da vivenda, nin para equipamento e dotación material, que correu integramente a cargo da particular.

Ademais, a persoa afectada solicitou resposta da Xunta de Galiza á súa queixa pero, a día 3 de decembro de 2018, non recibiu resposta da Administración.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1 - Non considera a Xunta abusivas as condicións de cancelación do servizo das Casas Niño?

2 - Non cre a Xunta que debería modificarse a Orde de axudas prevendo a posibilidade de cancelación do servizo sen que supoña a devolución íntegra da prima de apoio xa que, na práctica, é un salario?



3 - Non considera a Xunta que, cando se cancela un servizo de Casa Niño, por parte da persoa promotora, reclamar as primas mensuais recibidas mentres estivo aberto o servizo é similar a reclamar a devolución dun salario xustamente gañado?

4 - Cando unha empresa cun contrato coa Xunta incumpre condicións pactadas, esíxelle a Xunta o mesmo trato que ás persoas titulares de Casas Niño?

5 - Non cre a Xunta que, de facto, está traballando nas casas niño coa figura do “falsa/o autónoma/o”, xa que a pesar de ser contratada a persoa como autónoma mediante contrato mercantil, está supeditada á ordes da Xunta en relación ao horario, tarefas, etc., pero sen a protección dos dereitos laborais, asumindo varios custes como a cota de autónomo e sen a independencia que caracteriza a unha persoa autónoma?

7 - Non valora a Xunta outro tipo de relación laboral coas persoas titulares de Casas Niño, dado que, na práctica, asumen o mantemento de servizos de atención a crianzas de 0 a 3 anos que son competencia da Xunta de Galiza?

8 - Non considera a Xunta compatible a filosofía das casas niño cunha modalidade que protexa o emprego das persoas titulares?

9 - Considera a Xunta viable no tempo o actual sistema das Casas Niño?



10 - Por que non responde a Xunta por escrito ás solicitudes que lle realiza unha persoa titular dunha Casa Niño, que se viu obrigada a recorrer á Valedora do Pobo?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez,

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 05/01/2018 12:23:55

David Rodríguez Estévez na data 05/01/2018 12:24:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Auxilia, Alucem, Asorlu, Adace, Capaces, Cogami Lugo, Fademga, Raiolas e Once presentaron no mes de abril un amplo informe coas prioridades en materia de accesibilidade na cidade de Lugo, que poden extrapolarse a calquera cidade ou vila galega e que se incrementan nos concellos rurais.

Nas vías públicas é imprescindible a mellora das ramplas e rematar coa política do lastrado. As ramplas deben garantir a seguridade das persoas con discapacidade visual ou de mobilidade. Pola súa parte, as lastras constitúen unha barreira para as persoas en cadeira de rodas ou con caxatos.

Urxente e non menos importante é a retirada dos postes eléctricos e de telefonía das vías públicas que dificultan e incluso impiden o paso das persoas con problemas de mobilidade.

En canto á sinalización, os semáforos sonoros son inexistentes fóra dos centros das cidades e grandes vilas, polo que se debe avanzar na instalación dos mesmos no extrarradio de cidades e vilas e nos núcleos de poboación do rural.

En relación co transporte, ademais de carencias no transporte adaptado, as organizacións sociais que traballan neste eido destacan a necesidade de mellorar a sinalización e información sobre o percorrido e as paradas.



O 4 de decembro remata o prazo legal para que todos os bens, servizos e infraestruturas de interese público foran plenamente accesibles, sen embargo moitos locais comerciais e edificios de vivendas manteñen as barreiras arquitectónicas, en gran medida pola dificultade económica para asumir o custe da obra por parte das comunidades veciñais.

En canto aos museos, unha investigación de 2016 coordinada dende a USC e editada por Andavira baixo o título “A accesibilidade dos museos: visións e perspectivas. Unha proposta de intervención en Galicia” revela que, mentres a accesibilidade física está totalmente regulada, a accesibilidade sensorial, a cognitiva e os aspectos relativos á comunicación de contidos (sinalización, planos, materiais en relevo, reproducións, folletos, dispositivos electrónicos, audio e vídeo) son practicamente inexistentes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que avaliación fai en relación co estado das vías públicas e o uso do lastrado para a súa utilización por persoas con discapacidade visual e/ou con problemas de deambulación?
2. Considera que debería ser obxecto de mellora no transporte público por estrada a identificación das paradas de autobús con pictogramas, sistemas de voz que anuncien a chegada dun bus á parada, ou voz e texto que explique as paradas ás que vai chegando o bus ao longo do seu percorrido?
3. Dirixirase ás empresas eléctricas e de comunicación para que procedan á eliminación de postes nas beirarrúas, eliminando de xeito urxente as que constitúen barreiras arquitectónicas?



4. Emprenderá as accións necesarias para garantir que nun prazo máximo de 6 meses todos os museos dependentes da Xunta de Galiza contén con accesibilidade universal?
5. Mellorará o acceso aos recursos turísticos con mapas e folletos turísticos con información visual en lectura fácil e adaptadas en braille?
6. Ampliará as axudas á eliminación das barreiras arquitectónicas dos edificios de vivendas?
7. Dotará a todas as consellerías dun orzamento destinado a impulsar a accesibilidade universal en todas as áreas?
8. Incrementará as axudas ás familias sen recursos económicos para garantir as reformas necesarias nos seus fogares?
9. Deseñará unha aplicación móbil que permita a comunicación áxil e doada das persoas xordas cos servizos de emerxencias?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 05/01/2018 12:27:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

O pasado 24 de xuño de 2017, un interno do Centro Penitenciario de Lugo-Monterroso faleceu, presumiblemente, a causa de sobredose de drogas e, outra persoa, foi atopada polos funcionarios en estado de coma pola mesma causa.

Esta situación non é nova, xa que, dende o ano 2006, practicamente falece unha persoa ao ano por esta circunstancia.

Segundo datos do propio Ministerio do Interior, en Monterroso producíronse as seguintes mortes por sobredose de drogas, VIH e suicidios dende o ano 2006: 2006: 1 morte por drogas; 2007: unha morte por VIH; 2008: unha morte por drogas; 2009: 1 suicidio; 2010: 2 mortes por VIH; 2012; 2 mortes por drogas; 2013: 1 morte por VIH; 2014; 1 morte por drogas.

En 2006, unha carta dun preso de Monterroso á CNT denunciou a existencia de tráfico de drogas no penal: "Es importante remarcar el trapicheo de droga dentro del penal, desde las pastillas que dan en la enfermería y la metadona hasta el hachís, cocaína y heroína, lo cual provoca muchas peleas entre internos por deudas de la misma, ya que el consumidor en ocasiones no puede pagar."

Persoas que estiveron presas en Monterroso, trasladáronnos a En Marea que esta mesma circunstancia se produce actualmente.



O Parlamento de Galicia acordou por unanimidade, na sesión plenaria do 5 de maio de 2015, a reclamación ao Estado das competencias de Sanidade penitenciaria, co seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1. Solicitar do Goberno do Estado o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei de cohesión do Sistema Nacional de Saúde 2003.*
- 2. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios económicos e materiais necesarios e atender a suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo.*
- 3. Incluír, de forma inmediata, a poboación reclusa no Plan estratéxico para a abordaxe da Hepatite C e que esas persoas sexan tratadas cos mesmos criterios e prontitude que o resto.*

A Sanidade Penitenciaria, no Estado español non está, actualmente, integrada nos sistemas de saúde das Comunidades Autónomas.

Polo exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Dirixiuse a Xunta ao Goberno central para reclamar o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria?



2.- Vai a Xunta de Galicia esixir explicacións ao Ministerio do Interior pola existencia de tráfico de drogas no cárcere de Monterroso?

3.- Vai a Xunta reclamar unha investigación sobre as condicións sociosanitarias das persoas internas do cárcere de Monterroso?

4.-Vai a Xunta reclamar á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, dependente do Ministerio do Interior, que abra unha investigación polas mortes por sobredose de drogas no cárcere de Monterroso?

5.- Ten previsto a Xunta esixir a mellora das instalacións do cárcere de Monterroso? En que data vai tramitar esa solicitude? E canto orzamento cre que se debe dedicar á mesma?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Paula Vázquez Verao na data 05/01/2018 13:00:09

Luis Villares Naveira na data 05/01/2018 13:00:19

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O Hospital de Monforte ten numerosas necesidades en materia de persoal, pero tamén nas instalacións e mobiliario. A dependencia de xestión de Lugo, ademais, supuxo a perda de capacidade de xestión en materia de mantemento, de xeito que se depende da xerencia de Lugo para calquera arranxo.

Unha das cuestións que debe ser resolta é cambiar as ventás simples de todo o Hospital para mellorar a eficiencia enerxética.

Outra deficiencia atópase na antigüidade de parte do mobiliario. Mesiñas, cadeiras, sillóns e armarios de boa parte das habitacións das plantas de hospitalización do Hospital de Monforte están moi deteriorados, cuestión que levan tempo denunciando tanto o persoal coma as persoas usuarias.

Trátase de mobiliario que, ademais de obsoleto e gastado, é moi incómodo tanto para pacientes como para acompañantes, así como para o persoal, pois estamos a falar de mobles que poden levar máis de vinte anos de uso e que nalgúns casos está tan deteriorado que é case inservible.

Tamén está pendente a reforma das duchas de parte dos cuartos de baño das habitacións de hospitalización, para mellorar a accesibilidade.



Así pois, o Hospital de Monforte precisa unha renovación xeral das instalacións, tanto repintado de paredes, como renovación de mobiliario e baños das habitacións e cambio das ventás, para mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Estas adaptacións acometéronse na metade das instalacións, pero demórase o seu remate.

Nas plantas de Traumatoloxía e Cirurxía substituíronse os vellos armarios por uns novos de taboleiros, por parte dunha empresa.

O SERGAS tamén mudou cadeiras das salas de espera por mobiliario máis moderno.

As fortes choivas do día 10 de decembro provocaron a aparición de goteiras na planta de Medicina Interna e Especialidades do Hospital de Monforte e na entrada da sala de espera do Hospital de Día, sinalando a Xunta que dita auga procedía da terraza. Xa ten habido problemas de goteiras, por mor de canalóns mal colocados.

Por outra parte, había unha proposta de remodelación da fachada ao completo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Canto vai tardar o SERGAS en renovar o mobiliario deteriorado das plantas de hospitalización do Hospital de Monforte?
2. Cando vai o SERGAS acometer as obras de adaptación dos baños das habitacións que aínda non se renovaron?



3. Cal foi o custe da obra de dotación de novos armarios nas plantas de Traumatoloxía e Cirurxía? Non considera a Xunta que cunha praza de carpintería se podería acometer tanto a colocación de novos armarios con taboleiro como o seu mantemento?
4. Vai o SERGAS manter a dependencia de Lugo do servizo de mantemento?
5. Parécelle suficiente o orzamento destinado ao Hospital de Monforte nos Orzamentos de 2018 para rematar as melloras que precisa o centro en materia de aforro e eficiencia enerxética, cambio de mobiliario e adaptación de baños das habitacións das plantas de hospitalización?
6. Ten algún problema estrutural a terraza do Hospital de Monforte? Vaise cubrir a terraza do Hospital para que non se filtre a auga desde alí?
7. Ten algún problema estrutural a fachada do Hospital de Monforte? Hai algún informe técnico sobre o estado da fachada?
8. Cre a Xunta de Galicia que se puido ofrecer un servizo médico-asistencial de calidade ás persoas pacientes con toallas e caldeiros no centro sanitario para recoller a auga caída das goteiras? Non cre a Xunta que as goteiras, malia que afectaran á entrada dunha sala de espera do Hospital de Día e á entrada da planta de Medicina Interna e Especialidades deron unha imaxe nefasta e puideron por en perigo ás persoas enfermas e acompañantes e ao propio persoal? Que medidas se tomaron para arranxar o problema das goteiras?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 05/01/2018 12:35:36

Eva Solla Fernández na data 05/01/2018 12:35:41

Luis Villares Naveira na data 05/01/2018 12:35:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araújo, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.ª, en relación á derogación da Lei 1/2012 e a recuperación dos dereitos do persoal laboral da Xunta.

A grave crise económica global iniciada en 2007 serviu de escusa aos grandes poderes financeiros internacionais para erosionar, aínda máis, o papel dos Estados.

No marco das contrarreformas neoliberais aplicadas no Estado español especialmente dende 2011, cando se reforma o artigo 135 da Constitución española, dispoñendo que “todas as administracións públicas adecuarán as súas accións ao principio de estabilidade orzamentaria”, encorsetando os límites do déficit e da débeda pública, aprobouse no Parlamento de Galicia, cos únicos votos do PP e co rexeitamento unánime das forzas políticas da oposición e dos sindicatos, a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 1/2012 remarca, na súa exposición de motivos, que se trata dunha “serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal” e que a vixencia da lei



queda “supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan á sustentabilidade das contas públicas”.

Dita Lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia; entre eles, suspéndese “a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia”, en canto a descansos e libranzas.

Á marxe da opinión de En Marea a respecto do efecto nocivo destas leis para a recuperación económica e, sobre todo, para as condicións materiais da maioría social, e á marxe da gravísima situación social que padece o noso País, a nivel macroeconómico, no ano 2017 o PIB galego recupera as cifras do ano 2008, téndose iniciado en 2014 unha fase alcista do ciclo económico. Sen embargo, a porcentaxe que representan os Orzamentos da Xunta no conxunto do PIB reduciuse dende o 18,4% en 2009 ata o 14,8% en 2018.

O Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta para 2018, en tramitación, indica a continuación da expansión da economía galega, pese á moderación do crecemento do PIB en 2018 con respecto a 2017, mais, a pesares desta constatación, os Orzamentos non medran o que medra o PIB e continúan sen recuperarse os dereitos laborais perdidos polo persoal público durante a crise. A pesares de que a propia Lei/2012 dispuña que “as medidas contempladas” ... “serán revisadas nun prazo de dous anos dende a entrada en vigor da mesma, en función da evolución do PIB real de Galicia e do aforro primario dos Orzamentos”, pasados case seis anos, a norma continúa vixente.

As consecuencias da suspensión de dereitos laborais do persoal da Xunta – especialmente do artigo 19 do Vº Convenio - repercuten directamente sobre a saúde laboral do mesmo e sobre a calidade dos servizos públicos, en contra do



criterio da propia Lei 1/2012, que se refire a que a adopción das medidas contempladas na mesma non pode “menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais”.

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina stress e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos centros están moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao “sobreesforzo” (en 2017, o 41% dos accidentes con baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas (consellerías de Política Social, Medio Rural e Medio Ambiente). As situacións máis graves prodúcense nos centros de maiores, tanto pola integración nos mesmos de persoas con trastornos psiquiátricos como pola tardanza na valoración do grao de dependencia en moitas persoas residentes. Deste xeito, as rateos non son reais, non se cobren as baixas e o persoal – maioritariamente feminino e cada vez máis envellecido – traballa baixo mínimos.

Téndose recuperado o PIB non é tolerable o mantemento de recortes de dereitos ao persoal público e, en ningún caso, é admisible a precariedade na prestación de servizos públicos esenciais por parte da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:



- 1.^a) Cando vai derrogar o Goberno Galego a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia?
- 2.^a) Vai a Xunta acordar coas organizacións sindicais representantes do persoal público a recuperación íntegra das contías deixadas de percibir durante a crise?
- 3.^a) Aproveitou a Xunta a crise para precarizar máis os servizos públicos, na vontade de privatizar os mesmos e reducir, cada vez máis, o papel dos organismos do Estado no conxunto da economía?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 05/01/2018 12:21:11

Luis Villares Naveira na data 05/01/2018 12:21:18

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/01/2018 12:21:28

José Manuel Lago Peñas na data 05/01/2018 12:21:39

Juan José Merlo Lorenzo na data 05/01/2018 12:21:49

Carmen Santos Queiruga na data 05/01/2018 12:21:54

Antón Sánchez García na data 05/01/2018 12:21:57

Eva Solla Fernández na data 05/01/2018 12:22:00

Luca Chao Pérez na data 05/01/2018 12:22:03

Paula Quinteiro Araújo na data 05/01/2018 12:22:07

Magdalena Barahona Martín na data 05/01/2018 12:22:11

Francisco Casal Vidal na data 05/01/2018 12:22:15

David Rodríguez Estévez na data 05/01/2018 12:22:18

Marcos Cal Ogando na data 05/01/2018 12:22:22

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª, relativa aos cupos do centro de saúde da rúa López Mora en Vigo.**

A situación da atención primaria en Galicia dista moito de ser aceptable. Dende En Marea temos denunciado en moitas ocasións o progresivo deterioro da mesma. Un deterioro que ten a súa base na eliminación progresiva de persoal, pero tamén na perda da capacidade de xestión e na diminución dos recursos económicos.

No caso da área de Vigo, a situación é especialmente problemática, sendo unha das zonas que conta con cupos máis elevados de doente por profesional médico.

Ademais a ordenación dos cupos nos diferentes centros de saúde é a todas luces caótica, desprazándose persoas dun barrio a outro para seren atendidas de xeito non voluntario. E empeorando esta situación pola redución de persoal xa mencionada.

Temos denunciado a inexistencia de persoal suficiente no centro de saúde do barrio novo de Navia. Sen embargo, lonxe de supor esta demanda un incremento de persoal *ex novo*, o proceder da Xunta de Galicia nos últimos tempos foi retirar profesionais de outros centros de saúde para colocalos no centro de Navia.

Esta situación non só non mellora as ratios xerais, se non que xera outros problemas nos centros de saúde que quedan con menos persoal.

Tamén temos denunciado o incumprimento da Xunta en relación á construción do centro de saúde de Bouzas. Sen embargo, tras as mobilizacións veciñais, as



promesas da Xunta de retomar o proxecto fanse baixo a ameaza de retirar máis persoal de outros centros, coma pode ser o de López Mora.

En pleno nadal, algunhas persoas usuarias do centro de saúde de López Mora teñen recibido notificacións que lles anuncian a mudanza forzosa de centro de saúde, trasladándoas ao centro de saúde de Navia, situado a uns 6 Km.

No mes de decembro eliminouse unha profesional médica do centro de saúde de López Mora para trasladala ao centro de saúde de Navia, sen embrago o cupo de doentes que agora se envía forzosamente ao barrio de Navia novo non coincide co cupo da profesional trasladada.

Esta circunstancia é grave porque evidencia a ausencia dunha planificación axeitada dos recursos sanitarios en Vigo que fai que para incrementar o persoal duns centros de saúde se lle reste a outros, pero ademais se mova forzosamente ás cidadás e cidadáns de centro de saúde, facendo que teñan que desprazarse varios quilómetros para recibir a atención máis básica.

Esta circunstancia non só lesiona os dereitos de cidadanía e profesionais, se non que choca cos preceptos legais da Lei de garantías de prestacións sanitarias. Unha situación paradoxal cando o Goberno impuxo esta norma aprobándoa en soidade.

Ante estas circunstancias, **En Marea** presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- **Cal é o motivo de desprazar forzosamente a persoas usuarias do centro de saúde de López Mora ao de Navia, a 6 Km de distancia?**

Santiago de Compostela, 05 de xaneiro de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/01/2018 13:26:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**

O pasado 26 de decembro de 2017 o Director de Portos de Galicia presentaba os datos dos tránsitos dos portos deportivos dependentes do seu departamento, estes datos a día de hoxe no están dispoñibles en ningún sitio, nin para a cidadanía, nin para os responsables de exercer a labor de control do Goberno dende o Parlamento Galego. É tanto así, que na suposta web de Transparencia do ente Portos de Galicia o último informe de xestión é do 2013.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

1.^a) Cal é o motivo polo que se ocultan os datos de xestión de Portos de Galicia no seu “suposto” Portal de transparencia?

2.^a) Cando se van entregar ao conxunto da cidadanía os datos e informes aos que se referiu o Director de Portos na comunicación pública do 26 de decembro? Cal é o motivo polo que se ocultan a día de hoxe?



3.^a) Considera razoable e axustado á normativa actual esta forma de actuar de Portos de Galicia

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 05/01/2018 13:35:43

Juan José Merlo Lorenzo na data 05/01/2018 13:35:50

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Alvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Nos últimos días asistimos a dúas decisións do Goberno central que teñen unha consecuencia moi directa nas contas autonómicas para 2018, e en concreto nas de Galicia.

Primeiro, o recálculo das entregas a conta de impostos especiais, IVA e IRPF, así como dos Fondos de Suficiencia Global e Garantía de Servizos Públicos Fundamentais.

Segundo, a non prórroga do Imposto de Patrimonio.

Aínda que o ministro de Facenda, o Sr. Montoro, aduce que estas decisións están vinculadas á prórroga orzamentaria, o certo é que son decisións discrecionais e unilaterais do Goberno central, que poñen de manifesto unha grave quebra do principio de lealdade constitucional – básico nun modelo federal-.

Só se explican pola instrumentación partidaria das institucións e unha concepción neocentralista.

O recálculo das entregas a conta altera substancialmente as cantidades comunicadas no mes de xullo, coas que a Xunta de Galicia confeccionou o documento orzamentario e o Parlamento o aprobou. Anula na práctica o incremento de ingresos sobre o orzamento definitivo de 2017, previsto para este exercicio, ao supoñer unha merma estimada de máis de 300 millóns de euros.

O Imposto de Patrimonio figuraba no orzamento da Xunta de Galicia para 2018 cunha previsión de ingresos de 71 millóns de euros.

 Grupo Parlamentario

Polo tanto, en conxunto hai un quebranto próximo aos 400 millóns de euros nas contas de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando coñeceu que se produciría o recálculo das entregas a conta e a non prórroga do Imposto de Patrimonio?
2. En canto avalía o quebranto para as contas autonómicas?
3. Manexa algunha previsión de corrección de ambas decisións?
4. Que consecuencias ten para o orzamento da Xunta de Galicia para 2018?
5. Ten previsto efectuar algunha modificación orzamentaria ou unha retención preventiva nas partidas de gasto?
6. De ser así, en cales?
7. Ten prevista algunha acción de índole legal ou política para o restablecemento da situación inicial e a defensa dos intereses da cidadanía de Galicia?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/01/2018 12:48:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/01/2018 12:48:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/01/2018 12:48:26

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Antón Sánchez García, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a, relativa á situación de saturación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña e de centros de saúde da área coma o do Ventorrillo.**

A situación da atención primaria en Galicia dista moito de ser aceptable. Dende En Marea temos denunciado en moitas ocasións o progresivo deterioro da mesma. Un deterioro que ten a súa base na eliminación progresiva de persoal, pero tamén na perda da capacidade de xestión e na diminución dos recursos económicos.

A non cobertura de permisos e baixas sumada ás amortizacións de prazas dos últimos anos satura os cupos das e dos profesionais, algo que temos denunciado en múltiples ocasións e que en moitos centros ten causado importantes listas de espera. Esta situación impide que a atención sexa de maior calidade, empeora as condicións nas que traballan as e os profesionais e favorece que as persoas doentes decidan acudir aos servizos de urxencias con patoloxías comúns.

No centro de saúde de O Ventorrillo o persoal denuncia que os permisos de catro profesionais non foron cubertos nos últimos días o que levou a unha saturación que implicou ata 50 doentes por médica/o nunha mesma quenda.

A esta situación insostible na primaria súmase uns servizos de urxencias en atención especializada que sofren tamén os recortes de persoal, tanto nos mesmos servizos, coma nas plantas de hospitalización. Feito que ralentiza a atención e a posibilidade de ingresos e que está a saturar urxencias coma as do CHUAC. Urxencias que



acumulan amoreamentos de persoas tumbadas en padiolas nos corredores, a maioría agardando por camas para seren hospitalizadas, a pesares de existir camas pechadas no CHUAC.

A situación empeorou nas últimas semanas, feito que denunciámos dende En Marea e que denunciaron tamén as centrais sindicais, traballadoras e traballadores. Sen embargo, a ausencia de medidas efectivas e o desleixo, por parte da Consellería de Sanidade, ten motivado que ante unha situación desesperante que pon en risco a saúde de profesionais e doentes a Comisión de Centro do CHUAC presentase unha demanda na fiscalía.

Ante estas circunstancias, En Marea pregunta:

- 1.- Por que a Xunta non reforza o persoal de atención especializada para xestionar o incremento asistencial?
- 2.- Por que manteñen camas pechadas no complexo de A Coruña a pesares de termos doentes agardando ata 48 horas a seren hospitalizados?
- 3.- Como xustifican non cubrir as ausencias do persoal de atención primaria permitindo cupos de ata 50 persoas diarias no centro de saúde de O Ventorrillo?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Antón Sánchez García

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/01/2018 10:33:26

Antón Sánchez García na data 08/01/2018 10:33:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**.

En todas as ramas de actividade económica os salarios das mulleres son inferiores aos dos homes. Na maioría dos Convenios Colectivos, a brecha salarial baséase nos complementos salariais que chegan a representar máis de 760 euros no salario bruto anual dos homes fronte aos 212 euros no caso das mulleres, o que supón unha brecha do 27,85%.

Así, unha traballadora galega gaña de media, un 20,9% menos que un home polo mesmo traballo e xornada, o que supón 4.708 euros menos ao ano (17.797,03 €/ano as mulleres fronte 22.505,05 €/ano os homes). É dicir, as mulleres galegas teñen que traballar 66 días máis ao ano para cobrar o mesmo que os seus compañeiros homes.

A taxa de actividade das mulleres estancouse e descendeu en Galiza nos últimos anos, sendo en 2016 dez puntos inferior aos dos homes (48% fronte a 58,5%).

Segundo a UXT, as mulleres galegas, tras as canarias, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado, sendo a súa retribución/hora un 10% inferior á dos homes galegos. Ademais, percibimos un 10% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado e somos a sétima CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo.

O 36,3% das mulleres teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 26,6% dos homes, o que se traduce na feminización da pobreza. Só o 37,3%



das mulleres gañan máis de 16.000€ ao ano, mentres que o 87,4% dos homes supera esa cantidade.

As mulleres menores de 30 anos soportan taxas de temporalidade superiores ao 60%, independentemente do seu nivel formativo.

A falta de oportunidade laboral que padecen as mulleres é evidente no análise sectorial do mundo do traballo: 9 de cada 10 traballadoras galegas pertencen ao sector servizos, o máis precarizado.

Segundo datos de CCOO, a contratación a tempo parcial afecta a 108.300 mulleres fronte a 33.200 homes en Galicia. O 63 % delas aceptaron ese tipo de contrato por non encontrar traballo a tempo completo. Ademais, un 13% das mulleres aceptaron un traballo a tempo parcial para atender o coidado de menores ou persoas adultas enfermas ou dependentes, fronte a só un 2% dos homes.

A taxa de temporalidade é dun 27,5% nas mulleres, fronte a un 23,6 % nos homes.

Segundo un estudio da CIG na actualidade hai menos asalariadas que en 2009 en todos os tramos de ingresos excepto nos máis baixos, de xeito que, hoxe, o 20% do total de asalariadas galegas ingresa menos da metade do SMI, é dicir, ingresos inferiores a 4.953 euros ao ano e outro 16% tivo ingresos entre a metade e o SMI, isto é, entre 4.953 e 9.906 euros ao ano.

Esta discriminación salarial afecta a toda a vida laboral e poslaboral das mulleres, xa que condiciona tanto as prestacións por desemprego como as súas pensións de xubilación e as posibles pensións por incapacidade. De feito, as mulleres pensionistas galegas, son das máis pobres do Estado: 62,9% das pensións galegas por baixo do limiar da pobreza.



O paro de moi longa duración tamén se ceba coas mulleres: un 42% das mulleres desempregadas que están buscando un posto de traballo levan máis de dous anos intentándoo.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte Pregunta Oraís en Comisión:

- 1.- Cal é a evolución por segmento de flota das descargas e vendas nos últimos anos no caladoiro nacional Cantábrico Noroeste?
- 2.- Cal é a valoración, á vista dos resultados, do modelo establecido no Plan de Xestión do goberno central en vigor dende o ano 2015?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 09/01/2018 13:02:13

Teresa Egerique Mosquera na data 09/01/2018 13:04:11

María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2018 13:04:30

María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2018 13:04:36

Diego Calvo Pouso na data 09/01/2018 13:04:47

Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2018 13:04:56

Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2018 13:05:15

Daniel Vega Pérez na data 09/01/2018 13:05:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:12
Nº Rexistro: 22522
Data envío: 09/01/2018 13:12:41.528

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á inmediata necesidade de rectificación por parte do goberno central de permitir que o teléfono 016 deixe de ser empregado para a atención exclusiva de mulleres vítimas de violencia machista e a súa contorna.

O goberno central vén de facer público o prego de prescricións técnicas que deberá rexer a contratación do servizo 016 de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero, por procedemento aberto, con tramitación ordinaria do expediente. O artigo 18 da Lei 1/2004 orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero recolle o dereito á información como pilar para poder desenvolver os demais dereitos que recolle a lei e como elemento fundamental para intervir e superar calquera situación de violencia. Neste sentido, desde setembro do ano 2007 o Estado español conta cun teléfono de atención gratuíto e que non deixa pegada na factura ao que se pode dirixir calquera vítima de violencia machista ou calquera persoa da súa contorna que poida precisar asesoramento de diferente índole. Máis aínda, co paso dos anos e coa súa presenza nos medios de comunicación, este teléfono ten acadado unha importante referencialidade e grao de coñecemento. Porén, con base ao número de chamadas consideradas pertinentes pola información estatística do goberno central, resulta obvio que aínda queda traballo por facer na súa socialización e na súa mellora como ferramenta.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:12
Nº Rexistro: 22522
Data envío: 09/01/2018 13:12:41.528

Segundo datos do propio ministerio, no mes de novembro de 2017 este teléfono atendeu na Galiza 226 chamadas e ao longo de todo o ano 2016, o último con informe anual elaborado, chegou a atender un total de 4.033. Polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que é un servizo que hai que mellorar e fomentar e vemos con preocupación as condicións descritas no prego para a nova contratación do servizo, que vén a engadirse ás queixas sobre o mesmo que puideron coñecerse durante os últimos anos. Atendendo ao prego de condicións obsérvase como se incluírán novos servizos (malia non incrementarse, doutra banda, o valor do servizo) para facilitar aos homes diversas orientacións, entre as que sorprende que se facilite o asesoramento legal en asuntos como a custodia. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que estas cuestións desvirtúan o sentido para o que naceu o teléfono 016, dilúen o seu ámbito de actuación, deixa de priorizar ás mulleres e pode constituír un factor de desincentivación. En caso de haber necesidade desas novas funcións é preciso que as asuma un teléfono ou servizo diferente, polo que demandamos a urxente rectificación por parte do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade do Goberno Central e que a Xunta de Galiza actúe para evitar este paso atrás.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para impedir que o teléfono 016 deixe de ser empregado para a atención exclusiva de mulleres vítimas de violencia machista e a súa contorna?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:12
Nº Rexistro: 22522
Data envío: 09/01/2018 13:12:41.528

-Coñecía o goberno galego as intencións do goberno central? Que opinión lle merece? Foi consultada esta decisión coas comunidades autónomas? Cal foi a opinión de Galiza?

-Considera que é pertinente que este teléfono atenda consultas xurídicas que nada teñen que ver coa violencia machista?

-Considera o goberno galego que axuda a visibilizar a violencia contra as mulleres que se dilúan as funcións do servizo?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2018 13:10:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:12
Nº Rexistro: 22522
Data envío: 09/01/2018 13:12:41.528

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2018 13:10:35

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2018 13:10:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2018 13:10:38

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2018 13:10:39

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2018 13:10:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:17
Nº Rexistro: 22524
Data envío: 09/01/2018 13:17:18.394

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as demoras tanto na avaliación como na concesión das prestacións as persoas en situación de dependencia.

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñecía-se o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:17
Nº Rexistro: 22524
Data envío: 09/01/2018 13:17:18.394

Mais a realidade é que a concreción dos dereitos recoñecidos na Lei non se están a facer nin en tempo nin en forma. Falta de orzamentos e de persoal suficientes, poucos medios, trámites burocráticos excesivos, colapsos en moitos dos servizos de xestión e atención...

Isto está a xerar retrasos escandalosos na resolución dos expedientes, e como consecuencia no recoñecemento e concesión das prestacións ás que as persoas en situación de dependencia teñen dereito.

A lexislación en vigor, establece 3 meses para facer valoración de grao de dependencia, dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para instrución e resolución do expediente, máis outros tres meses dende a resolución de grao e nivel para facer o PIA (Proposta Individual de Atención), é dicir asignación de recurso de atención.

Está a ser sistemático o incumprimento dos prazos de resolución. Expedientes sen resolver incluso durante anos cando a lexislación establece o prazo de meses. Segundo a información da que dispón o BNG a Xunta de Galiza está a tardar en rexistrar as solicitudes de dependencia unha media de 3 meses, acelerando só emerxencias e crianzas de menos de 3 anos.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cales son os tempos de agarda dende que entra por rexistro unha solicitude ata que efectivamente ten o recurso a persoa demandante?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:17
Nº Rexistro: 22524
Data envío: 09/01/2018 13:17:18.394

-Que motiva o enorme retraso que viven miles de persoas en Galiza para disfrutar da prestación ou servizo que lle corresponde segundo a lei de dependencia?

-Cal é o número de persoas que agardan para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia?

-Coida que os recursos humanos destinados a este fin é suficiente?

-Substitúese á totalidade do persoal nas súas ausencias, sexan por permisos, licenzas, vacacións, baixas...? Cal é o criterio para facelo?

-Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para solucionar este problema?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:17
Nº Rexistro: 22524
Data envío: 09/01/2018 13:17:18.394

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2018 13:15:31

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2018 13:15:37

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2018 13:15:41

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2018 13:15:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2018 13:15:52

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2018 13:15:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22526
Data envío: 09/01/2018 13:19:26.221

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade da construción dun centro de día no concello de Rianxo.

Pese a que Galiza é un país con unha poboación cada vez máis envellecida, a falta de dispositivos e recursos para atender ás persoas en situación de dependencia é unha constante.

É unha evidencia a necesidade de implementar recursos públicos que dean resposta ás necesidades tanto das moitas persoas maiores como das que están en situación de dependencia.

Dentro dos recursos demandados ocupan un lugar moi importante os centros de día. Dispositivos pensados para dar respostas as necesidades destas persoas, mellorar a súa calidade de vida, desde a proximidade e permitindo que sigan vivindo no seu entorno familiar evitando o desarraigo e tamén facilitando a conciliación laboral e familiar.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22526
Data envío: 09/01/2018 13:19:26.221

Á atención a estas persoas debería ser unha prioridade por parte da Xunta de Galiza, mais lonxe diso a realidade é que son miles as que seguen a agardar por eses recursos.

Entre estes está o concello de Rianxo, onde hai desde hai tempo a demanda de que o concello conte cun centro de día. @s veciñ@s levan meses loitando para que a súa demanda sexa atendida por parte da Xunta. Téñense organizado nunha plataforma para sumar esforzos, de tal xeito que levan recollido sinaturas, realizado concentracións, manifestacións, protestas e un peche ininterrompido desde o día 13 de xullo no salón de plenos do concello.

O BNG leva tempo tamén demandando o centro de día para Rianxo. Son moitas as xestións e esforzos realizados polo Goberno municipal, que ten mostrado a súa vontade de acadar unha solución, a empezar pola posíbel ubicación, realizando a cesión de terreos ou a posibilidade de rehabilitación de algún edificio existente, e temos presentado iniciativas parlamentares a empezar pola inclusión de emendas en repetidas anualidades nos orzamentos da Xunta.

A petición dun centro de día para Rianxo está máis que xustificada, este concello ten arredor de tres mil persoas con máis de 65 anos, e un número importante tanto dos que se desprazan a outros concellos para recibir atención como dos que están en situación de acudir a un centro destas características de existir no concello.

A pesar de todo o exposto, a Xunta de Galiza está a mostrar unha total insensibilidade diante das demandas de veciñ@s e concello de construción dun centro de día.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22526
Data envío: 09/01/2018 13:19:26.221

Por todas estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Considera o Goberno galego que a dotación de centros de día públicos é suficiente para atender á poboación galega en situación de dependencia?

-Non lle parece razoábel a petición dun centro de día por parte d@s veciñ@s de Rianxo, tendo en conta o alto número de persoas con máis de 65 anos e o importante número que se desprazan a outros concellos para serán atendid@s?

-Vai atender a Consellaría de Política Social as demandas que lle están a facer desde Rianxo?

-Vai seguir mantendo a posición de insensibilidade c@s veciñ@s que levan pechad@s no concello desde o 13 de xullo?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22526
Data envío: 09/01/2018 13:19:26.221

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2018 13:18:28

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2018 13:18:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2018 13:18:34

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2018 13:18:36

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2018 13:18:38

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2018 13:18:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A asbestose é unha enfermidade do pulmón causada pola inhalación das fibras do amianto, os seus síntomas poden ser leves ou graves e non se presentan ata anos despois.

Está considerada como unha enfermidade laboral, que neste país a Administración tardou en atacar por unha falta de normativa máis esixente en materia de saúde laboral, afectando a unha parte importante da clase traballadora que estaba en contacto con este material.

En Galicia, a única unidade de tratamento especializada atópase no Complexo Hospitalario de Ferrol, aínda que se sospeita que en Vigo existen un número importante de persoas afectadas.

Actualmente, a Unidade Específica de Asbestose do CHUF, esta manifestando unha serie de deficiencias no seu funcionamento que provocan unha gran preocupación nas persoas afectadas e tratadas en dita unidade.

Os usuarios denuncian as seguintes deficiencias:

- Aumento nas listas de espera para as revisións. Actualmente, a espera para a revisión está en dous anos e catro meses, cando o que se recomenda é a revisión anual para os casos máis leves.
- Derivación de pacientes para a Atención primaria sen ningún informe de especialista e nalgúns casos sen comunicación ao propio paciente.
- As probas necesarias non se están a facer no mesmo día como ocorría anteriormente.



En definitiva, denuncian a falta de cumprimento do protocolo acordado, situación agravada por un aumento de pacientes e polo tanto unha necesidade de aumento de persoal como así foi manifestado pola Xefa da Sección de Neumoloxía do Hospital.

Ademais, existen pacientes con patoloxías producidas polo amianto que non residen na Área Sanitaria de Ferrol e que non poden ser atendidos por neumólogos da unidade específica, o que ten como resultado que os informes médicos non sexan os mesmos e polo tanto vese reducida a posibilidade de ser recoñecidos de forma obxectiva por unha unidade específica.

Estas denuncias, foron comunicadas á Consellería de Sanidade por parte das diferentes Organización Sindicais e a Asociación Galega de Vítimas do Amianto.

Con todo, a situación segue a ser a mesma e as deficiencias denunciadas non foron solucionadas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- Que medidas vai a levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias denunciadas?
- Cal é o protocolo que está a empregar a Consellería de Sanidade para derivar á Atención Primaria a persoas afectadas por esta enfermidade?
- Que solución va a dar para o tratamento das persoas con patoloxías producidas polo amianto que non residen na Área sanitaria de Ferrol?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2018 13:22:10

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

A falta de transparencia da Consellería de Sanidade en relación ás listas de espera do SERGAS supón unha situación habitual dende sempre. A negativa do Goberno a dar a coñecer o número de persoas existentes nas listas non estruturais, pon en evidencia o intento por agochar unha realidade consecuencia das políticas de recortes e privatizacións nos servizos públicos.

O incremento de persoas nas listas de espera, vai inevitablemente ligado a un aumento de traslados a centros concertados/privados, derivando o orzamento público cara as empresas sanitarias do ámbito privado. Esta práctica provoca, que aquelas persoas que queren ser operadas nun hospital público, pasen a formar parte das listas non estruturais e polo tanto a perder o lugar que ocupaban nas listas estruturais no momento en que denegan ofrecemento de operarse na privada.

Ademais, é necesario engadir a continuidade das nefastas políticas de persoal da Consellería de Sanidade, que non dan cobertura aos permisos de vacacións ou baixas de gran parte do persoal, así como a falta de ofertas públicas de emprego, en detrimento do servizo sanitario público.

A situación descrita beneficia á sanidade privada, que este verán, a través da fundación IDIS que agrupa centros sanitarios privados, propoñían á Xunta de Galicia por medio da colaboración público-privada un plan de choque de listas



cero para 2018 e valorado en 88 millóns de euros que se desviarían de fondos públicos, descapitalizando o SERGAS en beneficio da sanidade privada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cando pensa o Goberno facer públicas as listas de espera non estruturais?
- 2.^a) Cando pensa o Goberno cumprir o artigo 9 do Regulamento desta Cámara e dar a coñecer a deputadas e deputados que así o soliciten as listas de espera non estruturais?
- 3.^a) Cal vai a ser a política do Goberno para reducilas?
- 4.^a) Ten pensado o Goberno seguir dándolle negocio á sanidade privada mentres efectúa recortes na pública?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2018 13:20:05

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No ano 2016 suicidáronse en Galicia un 7% máis de persoas que no ano 2015, o que supón unha taxa de 12,69 mortes por cada 100.000 habitantes, moi superior a media española de 7,76. Son datos alarmantes que, por desgraza, non están a recibir a atención que merecen por parte das institucións. Dende o ano 2008, o número de suicidios supera o de mortes en accidente de tráfico, chegando os últimos anos a duplicalo (en 2014 morreron en Galicia 181 persoas en accidente de tráfico e 371 a causa dos suicidios). Non obstante, as institucións galegas e do estado non desenvolveron medidas de concienciación e prevención para evitar os suicidios como si se fixo para acabar coas mortes na estrada. Como consecuencia, os suicidios continúan aumentando, chegando a constituír un gravísimo problema de saúde pública.

O incremento dos suicidios é en gran medida un síntoma da dor inmensa que experimenta a sociedade con motivo da crise. Un suicidio non é nunca un asunto privado, senón que responde a cuestións estruturais que son, por definición, políticas. Así, durante os anos máis duros da crise, no período comprendido entre 2007 e 2014, España foi vítima dun aumento dos suicidios do 20%, o que se traduce na trágica morte de 3.910 persoas. Obsérvase, ademais, que un dos maiores incrementos prodúcese na franxa de idade que está ao redor dos 50 anos (un 38%) que coincide precisamente cun dos grupos de poboación máis castigados pola ausencia de emprego e a precariedade.

No caso de Galicia, o ano pasado atopamos a maior diferenza co resto do estado precisamente nos homes de mediana idade e, polo tanto, en idade de traballar e de formar parte activa da sociedade. Entre os 40 e os 49 anos a taxa de suicidios en Galicia foi de 15 persoas por cada 100.000 habitantes; se nos centramos só nos homes, que presentan unha maior mortalidade por suicidio que as mulleres, a cifra é de 25 por cada 100.000. No resto do estado, a taxa é de 10 persoas (15 varóns) por cada 100.000.

É inevitable preguntarse cantas desas mortes non se terían producido se se garantiran as condicións materiais mínimas para unha vida digna.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas:

- Vai a Xunta de Galicia dotar dunha partida orzamentaria o Plan Galego de Prevención de Suicidios?
- Vai dotar dito Plan do persoal necesario para que se poda desenvolver correctamente?
- Como vai supervisar a implantación e execución do Plan?
- Pensa a Xunta de Galicia levar a cabo un programa de formación dirixido ás e os profesionais da sanidade para o tratamento temperá de factores que inciden no suicidio?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2018 13:22:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A Rede de Transporte Sanitario Urxente, xestionada polo 061, sofre na actualidade carencias importantes que afectan de xeito directo ao servizo prestado.

Denuncian as e os profesionais que os recursos actuais son totalmente insuficientes, necesitando no caso do transporte terrestre novas ambulancias medicalizadas e novas e de soporte vita básico nos seguintes lugares:

- UVI: Salnés (Vilagarcía), Valdeorras (O Barco), Costa da Morte (Cee), Verín, Carballo e Monforte de Lemos.
- Soporte Vita Básico: Pontevedra (12 horas), Porto do Son (24 horas), Laxe (12h).

Estas propostas fanse necesarias para cumprir coas ratios dadas pola Organización Mundial da Saúde, que en ningún caso deben ser solucionadas co remendo que supoñen as xa denunciadas en innumerables ocasións “ambulancias de apoio” nas que unicamente vai un TES condutor e non están dotadas do material necesario.

Ademais da falta de ambulancias, tamén é necesario engadir a falta de persoal e a saturación existente na Central do teléfono 061 que seguramente se vexa agravada co traslado á nova sede da Estrada dados os fallos denunciados polo 112 coa nova plataforma informática.



Esta falta de recursos vai unida a un aumento da precariedade nas condicións laborais do persoal con incumprimentos do convenio colectivo e incluso anuncios públicos por parte da Federación Galega de Empresarios de Ambulancias para a inaplicación do convenio colectivo. Unha mala praxe da que a Xunta de Galicia é totalmente cómplice, respecto aos concursos públicos que se adxudican a empresas que concorren con prezos bastante baixos que como se está comprobando, chegan a ser temerarios cando ao final non poden cumprir nin cos pregos de contratación nin co convenio colectivo do sector, afectando ao servizo prestado e aos dereitos laborais das e dos traballadores.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Pensa a Xunta de Galicia que nestas condicións que denuncian usuarios/as e profesionais está a garantir un servizo de calidade e unhas condicións laborais dignas para as traballadoras e traballadores?
- 2.^a) É coñecedora a Xunta de Galicia das demandas e problemas denunciados?
- 3.^a) Que tipo de control se realiza por parte da Xunta de Galicia en relación á prestación do servizo por parte das empresas concesionarias?
- 4.^a) Pensan dotar dos recursos necesarios o transporte sanitario de emerxencias?
- 5.^a) Van a eliminar as ambulancias de apoio?
- 6.^a) Van a constituír unha mesa de negociación para o traslado da Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias á Estrada?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández



Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2018 13:23:55

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicárase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do

 Grupo Parlamentario

corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000 € (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debera ser complementado.

Por todo o anterior formúlanse as seguintes preguntas ao respecto do desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

- 1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?
- 2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?
- 3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?
- 4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?
- 5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdoblamento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?
- 6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 09/01/2018 13:27:06



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2018 13:27:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Soraya Salorio Porral, Diego Calvo Pouso, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8^a Pesca e Marisqueo**.

A normativa europea que regula os fondos pesqueiros establece que o Desenvolvemento Local Participativo se levará a cabo a través de estratexias integradas, multisectoriais e baseadas en zonas.

Nesta liña vai o Programa Operativo de España para o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Ante isto, a Consellería do Mar, a través da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, puxo en marcha as actuacións conducentes á elaboración e aprobación destas estratexias a través dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALPs).

Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) son asociacións sen ánimo de lucro compostas por entidades que representan os intereses socioeconómicos locais públicos e privados dentro dunha zona. Na actualidade, xa se levan constituído en Galicia un total de sete grupos, sendo ademais Galicia a primeira comunidade autónoma do Estado en seleccionar grupos e estratexias.

A través destes proxectos contribúese a abordar cuestións tan importantes e que permitan fortalecer as zonas costeiras como pode ser a de aumentar o emprego e a cohesión territorial nas comunidades pesqueiras e acuícolas, fomentar o emprego feminino, diversificar as actividades realizadas no marco da pesca e respecto de outros sectores da economía marítima, etc.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1- Cantos proxectos dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro se teñen apoiado durante a anualidade de 2.016?
- 2- Cal foi o importe que se destinou para estes proxectos dos Grupos Acción Local do Sector Pesqueiro por parte da Xunta de Galicia?
- 3- Cales son as accións adoptadas para este 2.017?
- 4- Que valoración fai da evolución desta liña de traballo desde 2.009?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 09/01/2018 13:18:41

Teresa Egerique Mosquera na data 09/01/2018 13:19:21

María Ángeles García Míguez na data 09/01/2018 13:19:34

María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2018 13:19:58

Diego Calvo Pouso na data 09/01/2018 13:20:36

Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2018 13:20:46

Marta Rodríguez Arias na data 09/01/2018 13:21:03

Daniel Vega Pérez na data 09/01/2018 13:21:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Os incendios forestais, que ano tras anos asolan o noso país, teñen custes inaceptables, vidas, vivendas, patrimonio forestal, biodiversidade, un conxunto de degradación e destrución do noso medio que precisan de accións eficaces e persistentes que eviten hipotecar o noso futuro e a nosa identidade.

O pasado mes de outubro do ano 2017, o lume arrasou milleiros de hectáreas no noso país.

Moitos destes lugares eran de pendente elevada, e vendo que tódalas previsións dicían que as escorrentías do inverno, lavarían cinza da ladeira. Foron moitas as organizacións e plataformas que deron conta de que se precisaba un labor de rexeneración e contención da cinza canto antes.

O método do “Heomulching” ou acolchado con palla, está a facelo a Xunta a través do "millionario" contrato que ten coa empresa Inaer.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cal é o custe que tivo as distintas actuacións de acolchado con helicóptero nos montes queimados en Galiza no pasado ano por distritos?
2. En que terreos queimados por distrito actuaron?



3. Cal foi o resultado do mesmo despois da aplicación desta práctica?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/01/2018 14:00:17

Paula Quinteiro Araújo na data 09/01/2018 14:00:25

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

Diferentes colectivos de traballadores e asociacións profesionais do ámbito das Emerxencias en Galicia, levan tempo denunciando as graves carencias na Xestión e organización diaria das Emerxencias. Denuncian a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios. Todas estas carencias provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións negligentes.

Neste sentido, o Comité do 112 é uns colectivos de traballadores que ten denunciando en reiteradas ocasións as condutas negligentes por parte do Goberno na xestión do servizo de emerxencia, como así o fixo e o segue facendo en relación ao estado da plataforma informática que se atopa na nova sede da Estrada, a onde foron trasladados/as pese as discrepancias que xurdiron entre Xunta e traballadores, entre outras cousas polo mal funcionamento da plataforma, un mal funcionamento que a Xunta intentou agochar botándolle a culpa as traballadoras e traballadores pola folga indefinida na que se mantiveron ata xullo. Meses despois e coa plantilla traballando con normalidade, os fallos da plataforma seguen a producirse, con colas de chamadas que desbordan a central cando neste verán houbo menos emerxencias que anos pasados.

Hai uns días, facíase pública a noticia da dimisión do Xerente Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), Juan José Muñoz, por supostos motivos persoais. O



certo é que a dimisión ten lugar días despois de que a Asemblea de Traballadoras/es da central de emerxencias 112 acordara por unanimidade nomear persoa non grata a Juan José Muñoz “pola hostilidade manifesta cara o cadro de persoal, polo seu papel protagonista no proceso privatizador, así como polas reiteradas negligencias de protocolos sen sentido que revelaron graves carencias na asignación de recursos para dar resposta ás emerxencias, como os que se puxeron en evidencia no incendio da factoría de *Fandicosta*, na carpintaría de *Cotobade* ou no afundimento do pesqueiro *Nuevo Marcos*.

A situación descrita, é causa dun proceso privatizador e de desmantelamento da xestión pública das emerxencias, que ten como obxectivo principal o recorte nos servizos públicos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- 1.) Que opinión lle merece ao Goberno, que a nova plataforma informática da Central de Emerxencias da Estrada continúe dando fallos?
- 2.) Que pensa facer o goberno para solucionar o problema dos fallos na plataforma?
- 3.) Considera o Goberno que a dimisión do antigo xerente Juan José Muñoz, débese unicamente a motivos persoais que nada teñen que ver coas situacións vividas dende o traslado á Estrada así como coa xestión das emerxencias?
- 4.) Que previsións ten a Xunta de Galicia para o conxunto dos servizos de emerxencias en Galicia?
- 5.) Cal vai a ser o obxectivo principal do novo Plan de Emerxencias?
- 6.) Pensa o Goberno reverter as privatizacións dos servizos de emerxencias apostando por unha xestión directa dos mesmos?
- 7.) Cales son os futuros traslados que ten previsto realizar á nova sede da Estrada?



Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2018 14:19:00

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727